

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### A CORUÑA

##### Área de Rexeneración Urbana e Dereito á Vivenda

##### Planeamiento

*Cambio de uso na parcela do mercado Santa Lucía, A Coruña. Expediente 631/2015/302*

#### ANUNCIO

O Pleno municipal, en sesión celebrada o día 5 de outubro de 2015, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

“PRIMEIRO.–Cambiar o uso da parcela con referencia catastral 8012301NJ4081S0001PS, cualificada polo Plan Xeral de Ordenación Municipal de 2013 como equipamento público de abastecemento “AB” (Pb), correspondente co Mercado Municipal de Santa Lucía, á de equipamento público de continxencia “EQ” (Pb)., cualificación que introduce ademais a suficiente flexibilidade para que ampare tamén, no seu caso, outros usos dotacionais de equipamento público que poidan potenciar o propio uso de abastecemento.

SEGUNDO.–Publicar o presente acordo no Boletín Oficial da Provincia e no Diario Oficial de Galicia.

TERCEIRO.–Notificar este acordo á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia; aos Departamentos municipais de Xestión do Solo, Licenzas e Disciplina Urbanística, Sección de Patrimonio Urbanístico, Oficina de Delimitación-SIX de Planeamento; e ao resto das áreas municipais.

A documentación esixida polo artigo 92.3 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural en Galicia, tivo entrada na Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio o día 23 de outubro de 2015”.

Contra este acordo que pon fin á vía administrativa pode interpoñerse recurso contencioso-administrativo ante a Sala correspondente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, que se contarán dende o día seguinte ao da súa publicación, ou no seu caso notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime pertinente.

Con todo poderá interpoñer, con carácter potestativo, recurso de reposición ante o órgano que ditou o acto, no prazo dun mes, a contar dende o día seguinte da publicación, de conformidade cos artigos 116 e 117 da lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

A Coruña, 23 de outubro de 2015.

O tenente de alcalde da área de rexeneración urbana e dereito á vivenda

Xiao Varela Gómez

2015/10510